

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de
Estatística do día 29 de novembro de 2013

39-403 Conta satélite da cultura

PROXECTO TÉCNICO

Obxectivos

Esta operación enmárcase dentro do Sistema de Contas Económicas de Galicia. O seu obxectivo é proporcionar un sistema de medición económica do sector cultural que permita valorar a importancia deste sector no conxunto da economía galega, así como poñer de manifesto a estrutura produtiva das diferentes actividades culturais.

O obxectivo prioritario dende o punto de vista da oferta é a estimación das compoñentes da conta de produción (produción, consumos intermedios e valor engadido bruto) para cada un dos sectores culturais e tamén para cada unha das distintas fases (creación, produción, difusión...) incluídas na cadea produtiva dos bens e servizos culturais. Desta maneira, lograrase tamén cuantificar a achega do sector cultural no seu conxunto ao Produto Interior Bruto (PIB) galego.

Se ben esta operación estatística se basea principalmente no lado da oferta, tamén se queren obter estimacións elaboradas dende o punto de vista da demanda, como o gasto en consumo final dos fogares en produtos e servizos culturais, ou mesmo o comercio exterior destes bens e servizos.

Ademais, aínda que a operación ten como obxectivo a medición da participación directa dos sectores culturais na economía, existe tamén a posibilidade de analizar complementariamente o efecto directo e indirecto (análise de tipo input-output) do gasto cultural na economía.

Referencias metodolóxicas

A primeira referencia básica á hora de elaborar toda conta satélite debe ser o Sistema Europeo de Contas 2010 (SEC-2010). Este regulamento, publicado por Eurostat en 1996, constitúe un marco contable comparable a escala internacional cuxo fin é realizar unha descrición sistemática e detallada dunha economía no seu conxunto, das súas compoñentes e das súas relacións con outras economías. O SEC-2010 dedica un capítulo ao Marco Input-Output, no cal se describe con detalle o proceso produtivo (estrutura de custos, renda xerada e emprego) e os fluxos de bens e servizos (produción, importacións, exportacións, consumo final, consumos intermedios e formación de capital por grupos de produtos). Así mesmo, faise referencia (SEC-2010 1.40) á necesidade de elaborar contas satélites do Marco para satisfacer necesidades específicas de información, como pode ser a análise do papel da cultura na economía. As contas satélite, permiten satisfacer estas necesidades específicas de

información, xa que é posible dar un maior nivel de detalle onde se necesita e simplificar onde aparecen detalles irrelevantes para o estudo concreto. Permiten ademais ampliar o marco contable, introducindo por exemplo información non monetaria. En calquera caso, é importante resaltar que nas contas satélite se manteñen todos os conceptos e clasificacións básicas do marco central, introducíndose cambios unicamente alí onde a finalidade da conta satélite o require. Así pois, o SEC-2010 configúrase como a referencia básica no concernente aos conceptos, unidades e agregados a empregar ou estimar na presente conta satélite.

No que atinxe ao estudo concreto, dende un punto de vista económico, do sector cultural, tómasse como referencia o informe final do *Leathership Group on Cultural Statistic (LEG)*, (*Final Report of the LEG, 1997*). O LEG constituíse como un grupo de traballo formado por expertos no ámbito cultural que tiña o obxectivo de construír, a nivel europeo, un sistema de información coherente e comparable que contribuíse a un mellor coñecemento das relacións entre a cultura e o desenvolvemento socioeconómico. Entre as súas tarefas atopábanse:

- Chegar a un consenso sobre as actividades económicas que se inclúen no ámbito cultural.
- Revisar e suxerir cambios nas clasificacións nacionais e internacionais que permitisen reflectir dun xeito máis adecuado as actividades e produtos culturais.
- Facer un inventario das fontes de datos existentes e propoñer posibles melloras das estatísticas culturais a partir das mesmas.
- Propoñer variables e un conxunto de indicadores que permitisen reflectir e comparar a oferta e demanda das actividades culturais nos distintos países.

O punto de partida desta análise do LEG foi o traballo realizado pola UNESCO en 1986 no cal se propoñía unha clasificación de categorías que debían considerarse á hora de producir estatísticas culturais.

No ámbito nacional, a referencia é a metodoloxía da Conta Satélite da Cultura española elaborada anualmente polo Ministerio de Cultura e tamén as metodoloxías das contas satélites realizadas polos respectivos institutos de estatística rexionais de Cataluña e Andalucía. Todas estas contas satélites toman como punto de partida e referencia o *Final Report of the LEG*, adaptándoo ás súas condicións específicas.

Na elaboración da metodoloxía da conta satélite da cultura de Galicia, tomouse como referencia estes traballos previos, tratando de adaptalos ao sector cultural galego e á dispoñibilidade de fontes de información para a satisfacción das necesidades da elaboración da conta.

No que respecta ás clasificacións que se empregarán na conta satélite e, dado que se trata dunha operación incluída no sistema de contas, serán as mesmas que neste. No que respecta

a clasificación de actividades, empregárase a CNAE09 e no que respecta á clasificación de produtos, a CPA08. Desta maneira, permítense a comparación e mantense a coherencia co resto de operacións do sistema.

Principais conceptos e variables de estudo

A economía galega é o resultado da actividade de numerosas unidades que realizan actividades moi diferentes. Estas unidades, cuxas operacións se recollen no sistema de contas de Galicia, son aquelas que teñen un centro de interese económico no territorio económico galego. Este matiz permite delimitar con precisión o conxunto destas unidades e introduce os conceptos de rexional e interior. O concepto interior fai referencia ás variables, fluxos e operacións que se producen nun territorio económico determinado, ou ás unidades que operan nel. O concepto rexional fai referencia ás operacións realizadas por unidades rexionais, aínda que as ditas operacións se realicen no mesmo territorio ou noutro.

O marco input-output e tamén esta conta satélite recollen a perspectiva interior, e polo tanto recollen as operacións de residentes e non residentes no territorio económico galego.

O termo **centro de interese económico** indica que, no territorio económico, existe un lugar dende o cal a unidade realiza e ten previsto seguir realizando actividades e operacións económicas de certa amplitude, ben de forma indefinida, ou ben durante un período determinado (un ano ou máis)¹.

O SEC-2010 caracterízase polo emprego de dous tipos de unidades², que se corresponden con dúas formas diferentes de dividir a economía: as **unidades institucionais**, que se agrupan en sectores institucionais e que son as unidades adecuadas para describir a renda, o gasto, os fluxos financeiros e os balances, e as **unidades de actividade económica locais** (UAE locais), que se agrupan en ramas de actividade e son as unidades idóneas para describir os procesos de produción e levar a cabo a análise input-output.

Unha unidade residente no territorio económico considérase unha unidade institucional cando ten autonomía de decisión no exercicio da súa actividade principal e dispón dun conxunto completo de contas. Na práctica, a maioría das unidades institucionais que producen bens e servizos realizan varias actividades simultaneamente. Poden exercer unha actividade principal, varias actividades secundarias e varias actividades auxiliares. Por este motivo, para analizar os fluxos xerados no proceso de produción e no uso dos bens e servizos é preciso, como norma, dividir as unidades institucionais en unidades máis pequenas.

¹ Ver SEC-2010, 2.07

² Véxase o capítulo 2 do SEC-2010 para un maior detalle das unidades e conxuntos de unidades empregadas.

O sistema define unha **actividade** cando ten lugar unha combinación de recursos para obter uns bens e servizos específicos. Polo tanto, estamos a falar dun proceso no cal a partir dun conxunto de insumos (bens e servizos) e mediante un proceso de produción se obteñen uns produtos (novos bens e servizos). Se unha unidade desenvolve máis dunha actividade, todas as actividades que non son actividades auxiliares poden ordenarse en función do valor engadido bruto que xeran. Feito isto, é posible distinguir entre a actividade principal, aquela que xera un maior valor engadido bruto, e as actividades secundarias. As actividades auxiliares non constitúen entidades diferenciadas nin se separan das actividades principais ou secundarias ás que serven. Para a análise do proceso produtivo e dos fluxos de bens e servizos, non é suficiente empregar unidades institucionais, e será necesario elixir unidades que poñan de manifesto as relacións de orden técnico-económico. Con esta motivación, é preciso dividir as unidades institucionais segundo os tipos de actividade exercidas en unidades máis homoxéneas dende o punto de vista do tipo de produción. Neste sentido, as UAE locais constitúen un método práctico de traballo. Unha **UAE local** é unha unidade institucional ou unha parte desta que produce bens e servizos e está situada no territorio económico. As UAE locais, que podemos identificar cos establecementos, son en xeral a unidade última da cal se ten información. O SEC-2010 define **rama de actividade** como un grupo de unidades locais que desenvolven unha actividade económica idéntica ou similar. Desta maneira, cada UAE local clasifícase nunha determinada rama de actividade, en función da súa actividade principal. A actividade principal dunha UAE local é aquela cuxo valor engadido supera o de calquera outra actividade realizada na mesma unidade.

As unidades que se deben valorar para esta análise da economía galega son as UAE locais con centro de interese económico no territorio económico da comunidade cuxa actividade estea encadrada dentro do ámbito cultural (o ámbito cultural será delimitado na sección seguinte deste proxecto técnico). Dado que unha unidade institucional pode ter actividade produtiva nun ou en varios territorios económicos, neste caso considérase actividade produtiva galega aquela que desenvolvan as UAE locais (establecementos) situadas na Comunidade Autónoma galega.

Defínense a continuación os principais conceptos utilizados nesta operación, que se poden consultar con maior detalle no SEC-2010:

Produción: é unha actividade realizada baixo o control e a responsabilidade dunha unidade institucional que utiliza man de obra, capital e bens e servizos para producir outros bens e servizos.

Consumos intermedios: representan o valor dos bens e servizos consumidos como insumos nun proceso de produción, excluídos os activos fixos, cuxo consumo se rexistra como

consumo de capital fixo. No proceso de produción os bens e servizos transfórmanse ou consúmense totalmente.

Valor engadido bruto (VEB): é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios.

Remuneración de asalariados: comprende toda a remuneración en efectivo e en especie a pagar polos empregadores aos seus asalariados como contrapartida do traballo realizado por estes durante o período contable. A remuneración de asalariados desagregase en:

- Soldos e salarios
- Cotizacións sociais a cargo dos empregadores

Impostos sobre a produción e as importacións: son pagamentos obrigatorios sen contrapartida, recadados polas administracións públicas, que gravan a produción e as importacións de bens e servizos, a utilización de man de obra, a propiedade ou o uso da terra, edificios e outros activos utilizados na produción. Divídense en:

- Impostos sobre os produtos: impostos que hai que pagar por cada unidade producida ou distribuída dun determinado ben ou servizo.
- Outros impostos sobre a produción: impostos que soportan as empresas como resultado da súa participación na produción, independentemente da cantidade ou do valor dos bens e servizos producidos ou vendidos.

Subvencións: son pagamentos correntes sen contrapartida que as administracións públicas efectúan aos produtores residentes coa finalidade de influír nos seus niveis de produción, nos seus prezos, ou na remuneración dos factores de produción. Divídense en:

- Subvencións aos produtos: subvencións que hai que pagar por unidade dun ben ou servizo producido ou importado.
- Outras subvencións á produción: comprenden as subvencións, distintas das anteriores, que poden recibir as unidades de produción residentes como consecuencia da súa participación na produción.

Gasto en consumo final: consiste no gasto realizado polas unidades institucionais residentes en bens e servizos que se utilizan para satisfacer directamente as necesidades individuais, ou as necesidades colectivas dos membros da comunidade. Este gasto pode realizarse no territorio económico ou no resto do mundo.

Consumo final efectivo: comprende os bens e servizos adquiridos por unidades institucionais residentes para a satisfacción directa das necesidades humanas, xa sexan estas individuais ou colectivas. Os bens e servizos para consumo individual son adquiridos por un fogar e utilizados para satisfacer as necesidades e carencias dos membros do mesmo. Os servizos para

consumo colectivo préstanse de forma simultánea a tódolos membros da comunidade ou dunha parte específica desta.

Formación bruta de capital: comprende as adquisicións menos as cesións de activos fixos realizadas polos produtores residentes (formación bruta de capital fixo) e o valor das entradas en existencias, menos o valor das saídas e o valor de calquera perda corrente dos bens mantidos en existencias (variación de existencias).

Exportacións e importacións: as exportacións consisten en operacións mediante as que os residentes subministran bens e servizos aos non residentes, mentres que nas importacións son os non residentes os que subministran bens e servizos aos residentes.

Produto interior bruto (PIB): é o resultado da actividade produtiva das unidades de produción residentes.

Nas contas económicas anuais estímase o PIB por tres vías: oferta, demanda e rendas.

- Suma do valor engadido bruto (VEB) das ramas de actividade, máis os impostos netos de subvencións sobre os produtos (oferta).
- Suma da demanda final de bens e servizos das unidades institucionais residentes máis o saldo exterior de bens e servizos (demanda).
- Suma da remuneración de asalariados, impostos sobre a produción e as importacións netos de subvencións, renda mixta e excedente de explotación bruto (rendas).

No caso da conta satélite da cultura de Galicia, o PIB do sector cultural obtérase pola vía da oferta, como se verá na sección de Metodoloxía.

Emprego: comprende tódalas persoas, tanto asalariados como traballadores autónomos, que realizan unha actividade produtiva incluída dentro da fronteira da produción do sistema.

Asalariado: toda persoa que, mediante un acordo, traballa para outra unidade institucional residente e recibe unha remuneración.

Traballador autónomo (emprego non asalariado): son os propietarios ou copropietarios das empresas non constituídas en sociedade nas que traballan.

Posto de traballo: defínese como un contrato explícito ou implícito entre unha persoa e unha unidade institucional residente, para realizar un traballo a cambio dunha remuneración (inclúe a renda mixta dos traballadores autónomos) durante un período definido ou indefinido de tempo.

Como se verá nas seguintes seccións, a fonte de información principal vai a ser o Marco Input Output. O Marco Input-Output no SEC-2010 está formado por un conxunto de táboas, entre as que destacamos dúas táboas fundamentais para a estimación da Conta Satélite da Cultura: as táboas de orixe e destino que se definen a continuación.

As **táboas de orixe e destino** son matrices por ramas de actividade e produtos nas que se describen os procesos interiores de produción e as operacións de bens e servizos dunha economía con gran detalle. Ditas táboas constitúen o marco central de tódalas táboas por rama de actividade e amosan:

- a) a estrutura dos custos de produción e da renda xerada no proceso produtivo
- b) os fluxos de bens e servizos producidos dentro da economía considerada
- c) os fluxos de bens e servizos co resto do mundo.

A **táboa de orixe** ofrece unha imaxe detallada da oferta de bens e servizos por produto e por tipo de oferente, distinguindo no caso da oferta interior a produción por ramas, e no caso da oferta importada os bens e servizos adquiridos a unidades non residentes.

A **táboa de destino** amosa os empregos da oferta de bens e servizos. Estes empregos poden dividirse en consumos intermedios e consumo final, ben sexa dos fogares, das administracións públicas ou das institucións sen fin de lucro ao servizo dos fogares (gasto en consumo final), para inversión (formación bruta de capital) ou ben para a súa venda ao exterior (exportacións). Ademais, e este é un aspecto que amosa a vinculación coas contas anuais, a táboa de destino reflicte os diferentes compoñentes do valor engadido por rama de actividade na economía doméstica.

Nas táboas de orixe e destino figuran tódolos fluxos das contas de bens e servizos, de produción e de explotación da economía. O Marco Input-Output amplía así o alcance das contas de produción e explotación da economía e combina dita información coas estimacións da conta de bens e servizos. A **conta de produción** amosa as operacións relativas ao proceso de produción e o saldo da conta é o valor engadido bruto. A **conta de explotación** analiza en que medida o valor engadido pode cubrir a remuneración dos asalariados e os outros impostos menos as subvencións sobre a produción, obténdose como saldo o excedente de explotación.

O Marco Input-Output describe cal é a produción existente nunha economía, qué ramas da economía son as responsables, qué produtos se producen, con qué bens e servizos se producen, e en qué medida esa produción cubre aos factores produtivos que interveñen no proceso.

No sistema existen dous tipos de identidades entre ambas táboas (sempre e cando oferta e demanda se valoren de forma coherente):

- **identidade por rama de actividade:** a produción de cada rama debe cubrir os insumos. Esta identidade resume as contas de produción e explotación para cada rama de actividade. É dicir, a produción é igual á suma dos consumos intermedios e o VEB, e este, dende a perspectiva das rendas, debe ser igual á suma de remuneración dos asalariados, impostos netos sobre a produción e excedente de explotación bruto. Isto supón en termos dos cadros 1 e 2, que o vector correspondente á cela (2,1) da táboa de orixe simplificada, debe ser igual á cela (3,1) da táboa de destino simplificada.
- **identidade por produto:** a oferta total por produto debe ser igual aos empregos totais por produto. Para cada produto cúmprese: produción máis as importacións (que son a oferta total da economía) é igual á suma de consumos intermedios, exportacións, gasto en consumo final e formación bruta de capital. Esta identidade resume a conta de bens e servizos para o total da economía, e por produtos achega o equilibrio oferta-demanda, amosando como se empregan os bens e servizos dispoñibles. Isto supón en termos dos cadros seguintes, que o vector correspondente á cela (1,3) da táboa de orixe simplificada debe ser igual á cela (1,5) da táboa de destino.

Os seguintes cadros son exemplos simplificados das táboas de orixe e destino.

Oferta		Ramas de actividade	Resto do mundo	Total
		(1)	(2)	(3)
Produtos	(1)	Produción por produto e por rama de actividade	Importacións por produto	Oferta total por produto
Total	(2)	Produción total por rama de actividade	Importacións Totais	Oferta total

Cadro 1: Táboa de orixe simplificada

Empregos		Ramas de actividade	Resto do mundo	Gasto en consumo final	Formación bruta de capital	Total
		(1)	(2)	(3)	(4)	(5)
Produtos	(1)	Consumos intermedios por produto e rama de actividade	Exportacións	Gasto en consumo final	Formación bruta de capital	Empregos totais por produto
Compoñentes do valor engadido	(2)	Valor engadido por compoñente e por rama de actividade				
Total	(3)	Insumos totais por rama de actividade				

Cadro 2: Táboa de destino simplificada

Debido aos marxes comerciais e de transporte, e aos impostos menos subvencións sobre os produtos, o produtor e o usuario dun ben ou servizo dado, perciben, normalmente, de diferente forma o seu valor. Para respectar o máis posible esta diferenza de percepción, no sistema rexístranse tódolos empregos a prezos de adquisición, mentres que a produción se rexistra a prezos básicos. Consecuentemente, na táboa de orixe, os fluxos de bens e servizos valóranse a prezos básicos e na táboa de destino a prezos de adquisición. Ambos tipos de valoración son prezos de mercado, o primeiro dende o punto de vista do produtor e o segundo dende o punto de vista do adquirinte do ben ou servizo. Posto que a oferta deberá ser igual aos empregos, e para que se cumpran as identidades básicas ás que se fixo referencia anteriormente, é preciso dispoñer dos marxes comerciais e de transporte e os impostos e subvencións sobre os produtos que permiten a transición entre ambos tipos de valoración.

Isto supón, a necesidade da construción das matrices de valoracións, cunha estrutura idéntica á da matriz de destino, que nos permitirán:

- na perspectiva da oferta, transformar a oferta prezos básicos, na oferta a prezos de adquisición
- na perspectiva da demanda, transformar a matriz de destino a prezos de adquisición nunha matriz de destino a prezos básicos

As matrices de valoración conteñen información sobre marxes comerciais, marxes de transporte, impostos sobre os produtos e subvencións sobre os produtos.

Nunha matriz de orixe a produción comercial e de transporte distribúese entre os produtos sobre os que recaen dita produción comercial (os marxes comerciais) e os servizos de transporte (marxes de transporte). Nesta matriz, esta redistribución rexístrase en forma vectorial, nun vector de suma cero, que resta os marxes comerciais e de transporte da produción interior dos servizos de comercio e transporte, e os engade nos produtos (filas) sobre os que recaen. Para completar a transformación de prezos básicos a prezos de adquisición na matriz de orixe engádense os vectores de impostos sobre os produtos (que poden desagregarse en función dos impostos incluídos) e as subvencións sobre os produtos.

Para elaborar estes vectores de marxes comerciais e de transporte, vectores de impostos e subvencións, é preciso elaborar matrices auxiliares de valoracións que reflectan cómo se distribúe na demanda a produción interior de marxe comercial e de transporte, ou ben que reflectan qué produtos ou que parte da demanda final xeran os impostos ou perciben as subvencións. Na práctica estas matrices auxiliares que recollen o conxunto de magnitudes que representan a diferenza entre prezo básico e prezo de adquisición poderían desagregarse en maior ou menor medida, en particular en:

- a) matriz de marxes comerciais polo xunto
- b) matriz de marxes comerciais polo miúdo
- c) matriz de marxes de transporte (que podería subdividirse por tipo de transporte)
- d) matriz de IVE
- e) matriz doutros impostos sobre os produtos
- f) matriz de subvencións sobre os produtos

Estas matrices auxiliares están dispoñibles unicamente a nivel interno do IGE, xa que non son publicadas.

Delimitación do sector cultural

O sector cultural pode delimitarse dende dous puntos de vista complementarios: o tipo de actividade cultural en si mesma (referidas a unha certa clasificación de actividades, neste caso a CNAE-09) e tamén en función da situación de cada unha das actividades realizadas na cadea produtiva dos bens e servizos culturais.

No marco do LEG organizáronse catro grupos de traballo, sendo o primeiro deles o encargado de establecer unha clasificación das actividades culturais. O resultado deste traballo, segue a liña proposta pola UNESCO en 1986, aínda que é máis restrictiva que esta última, deixando

fóra actividades como o deporte, o medio ambiente, a publicidade, a moda, os idiomas e os xogos de azar. No informe final do Leathership Group on cultural statistics (LEG), defínense oito sectores no ámbito cultural:

1. Patrimonio artístico e monumental
 - a. Monumentos históricos
 - b. Museos
 - c. Sitios arqueolóxicos
 - d. Outro
2. Arquivos
3. Bibliotecas
4. Libros e prensa
5. Artes plásticas
 - a. Artes visuais (incluíndo deseño)
 - b. Fotografía
 - c. Multidisciplinar
6. Arquitectura
7. Artes escénicas
 - a. Música
 - b. Danza
 - c. Teatro
 - d. Multidisciplinar
 - e. Outras(circo, etc.)
8. Audiovisual e multimedia
 - a. Cine
 - b. Radio
 - c. Televisión
 - d. Vídeo
 - e. Música gravada

Ademais, en función da situación de cada unha das actividades no ciclo de produción de bens e servizos culturais, establécense as seguintes fases: conservación, creación, produción, difusión, comercialización e formación.

Tanto no informe final do LEG como nos traballos da UNESCO faise referencia á dificultade na delimitación do sector cultural, non habendo un acordo unánime sobre a consideración de determinadas actividades. Un caso de especial debate no LEG foi a inclusión ou non da publicidade dentro das actividades culturais. No traballo de Eurostat non foi finalmente incluída. Tampouco se considera no caso da conta satélite da cultura española, que a inclúe fóra do sector cultural e dentro das “actividades vencelladas coa propiedade intelectual” xunto coa informática. Porén, noutros traballos como a conta satélite da cultura de Andalucía ou

determinados estudos do sector cultural si que se considera a publicidade dentro do citado sector. Tamén presentaba dúbidas a inclusión ou non da arquitectura, dada a dificultade de caracterizar ou cuantificar a “parte cultural” de esta actividade.

Actividades consideradas dentro do ámbito da cultura na conta satélite da cultura de Galicia

Baseándonos nas experiencias previas, na dispoñibilidade de información estatística e, previa consulta ao Observatorio da cultura galega para as actividades que presentaban dúbidas, definíronse os seguintes sectores culturais:

- 1. Patrimonio artístico e monumental. Arquivos e bibliotecas.** Dentro da categoría de Patrimonio artístico e monumental inclúese a explotación dos monumentos e edificios históricos, os museos e as actividades de xardíns botánicos, zoos e reservas naturais. Neste sector recóllense tamén as actividades vencelladas aos arquivos e bibliotecas.
- 2. Libros e prensa.** Inclúe as actividades relacionadas co libro, a prensa e as publicacións periódicas.
- 3. Artes visuais.** Artes cuxo elemento diferenciador é o uso na súa forma de expresión de materias, tales como a pintura ou a escultura. Inclúese a publicidade, a arquitectura e as actividades de deseño especializado. Tamén se inclúe nesta rúbrica a fotografía.
- 4. Artes escénicas.** Recolle as diversas manifestacións en forma de espectáculos escénicos culturais en directo como o teatro, a ópera, concertos, circo...
- 5. Audiovisual e multimedia.** Dentro do sector Audiovisual e multimedia, considéranse dous subsectores: Radio e televisión por unha banda e, por outra, Cine, vídeo e música gravada.

No cadro seguinte poden verse as actividades (definidas en termos da CNAE09) incluídas en cada sector:

1,- PATRIMONIO ARTÍSTICO E MONUMENTAL, ARQUIVOS E BIBLIOTECAS	
CNAE09	DESCRICIÓN CNAE
91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
2,-LIBROS E PRENSA	
CNAE09	DESCRICIÓN CNAE
90.03 (P)	Creación artística e literaria
63.91	Axencias de noticias
58.1	Edición de libros, periódicos e outras actividades editoriais
18.1	Artes gráficas e servizos relacionados coas mesmas
46.49(p)	Comercio polo xunto de outros artigos de uso doméstico
47.1(p)	Comercio polo miúdo en establecementos non especializados
47.61	Comercio polo miúdo de libros en establecementos especializados

47.62	Comercio polo miúdo de periódicos e artigos de papelerías en establecementos especializados
47.91(p)	Comercio polo miúdo por correspondencia ou internet
3,-ARTES VISUAIS	
CNAE09	DESCRICIÓN CNAE
90.03 (P)	Creación artística e literaria
74.2	Actividades de fotografía
74.1	Actividades de deseño especializado
71.11	Servizos técnicos de arquitectura
73.1	Publicidade
47.78(p)	Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados
47.79(p)	Comercio polo miúdo de artigos de segunda man en establecementos
20.59 (p)	Fabricación doutros produtos químicos nc.o.p.
26.7(P)	Fabricación de instrumentos de óptica e equipo fotográfico
4,-ARTES ESCÉNICAS	
CNAE09	DESCRICIÓN CNAE
90.01	Actividades de creación, artísticas e de espectáculos
90.02	Actividades auxiliares as anteriores
90.04	Xestión de salas de espectáculos
74.9 (p)	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.o.p.
32.2	Fabricación de instrumentos musicais
5,-AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA	
CNAE09	DESCRICIÓN CNAE
60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión
59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical
18.2	Reproducción de soportes gravados
77.22	Alugueiro de cintas de vídeo e discos
26.8	Fabricación de soportes magnéticos y ópticos
26.7(P)	Fabricación de instrumentos de óptica e equipo fotográfico
26.3(p)	Fabricación de equipos de telecomunicacións
26.4(p)	Fabricación de produtos electrónicos de consumo
47.1(p)	Comercio polo miúdo en establecementos non especializados
46.43(p)	Comercio polo xunto de aparatos electrodomésticos
47.43	Comercio polo miúdo de equipos de audio e vídeo en establecementos especializados
47.63	Comercio polo miúdo de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados
47.91(p)	Comercio polo miúdo por correspondencia ou internet
74.9 (p)	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.o.p.

Fases consideradas dentro do proceso produtivo cultural na conta satélite da cultura de Galicia

Tendo en conta a situación que ocupan as distintas actividades culturais na cadea de produción dos bens e servizos culturais, definimos as seguintes fases:

- 1. Creación e produción.** Inclúe as actividades relativas á elaboración de ideas artísticas, tales como as realizadas por artistas, autores e intérpretes. Ademais inclúen as actividades encamiñadas a definir o produto ou servizo cultural. Desta fase obtense o que podería denominarse bens e servizos primarios, susceptibles xa de ser reproducidos para o seu consumo. Tomando como exemplo un libro, o manuscrito escrito por un autor sería unha actividade de creación e a fase de produción sería a levada a cabo pola editorial.
- 2. Fabricación.** Inclúe as actividades destinadas a reproducir en serie bens culturais primarios. A diferenza da fase de produción, na fase de fabricación non se engade valor ao contido cultural dun ben. Seguindo co exemplo do libro, a fase de fabricación sería levada a cabo pola rama de actividade das artes gráficas.
- 3. Difusión/distribución/comercialización.** Inclúe as actividades necesarias para que o produto resultante das fases anteriores chegue ao usuario ou consumidor. Este bloque inclúe aos intermediarios responsables da comercialización e distribución dos produtos culturais (comerciantes polo miúdo e polo xunto e outras formas de difusión da cultura: cines, televisión....)
- 4. Actividades de promoción e regulación.** Inclúe as actividades de promoción cultural e regulación das Administracións Públicas.
- 5. Actividades auxiliares.** Inclúense actividades que son auxiliares con respecto ás fases de creación e produción. Nestas actividades obtéñense produtos que son empregados como consumos intermedios ou bens de capital. Son actividades que, aínda que non producen bens e servizos culturais en sentido estrito, teñen en xeral unha indubidable connotación cultural. Un exemplo claro sería a fabricación de instrumentos musicais. Inclúense tamén actividades auxiliares á difusión e distribución de bens e servizos culturais. Nestas actividades obtéñense en xeral produtos que irán destinados ao consumo final, permitindo o uso de bens e servizos culturais. Finalmente, excluíronse en cambio as actividades auxiliares á fase de fabricación, dado que se trata de actividades produtoras de bens moi afastados do contexto cultural. Así, unha actividade auxiliar ás artes gráficas como pode ser a fabricación de tintas de imprenta está moi afastada do ben cultural producido (o libro, neste caso).

No cadro seguinte amósanse as actividades (en termos da CNAE09) consideradas dentro de cada fase, xunto co sector cultural no cal se clasifica a citada actividade. Introdúcese un sector “Interdisciplinar” para recoller a actividade das administracións públicas na regulación e promoción dos servizos culturais.

1.- Creación e produción		
CNAE09	DESCRICIÓN CNAE	SECTOR
58.1	Edición de libros, periódicos e outras actividades editoriais	LIBROS E PRENSA
59 (P)	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
60 (P)	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
63.91	Axencias de noticias	LIBROS E PRENSA
71.11	Servizos técnicos de arquitectura	ARTES VISUAIS
73.1	Publicidade	ARTES VISUAIS
74.1	Actividades de deseño especializado	ARTES VISUAIS
74.2	Actividades de fotografía	ARTES VISUAIS
90.01	Actividades de creación, artísticas e de espectáculos	ARTES ESCÉNICAS
90.02	Actividades auxiliares as anteriores	ARTES ESCÉNICAS
90.03 (P)	Creación artística e literaria	LIBROS E PRENSA
90.03 (P)	Creación artística e literaria	ARTES VISUAIS
91	Actividades de bibliotecas, arquivos, muros e outras actividades culturais	PATRIMONIO ARTÍSTICO E MONUMENTAL, ARQUIVOS E BIBLIOTECAS
2.-Fabricación		
CNAE09	DESCRICIÓN CNAE	SECTOR
18.1	Artes gráficas e servizos relacionados coas mesmas	LIBROS E PRENSA
18.2	Reprodución de soportes gravados	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
3.- Difusión/distribución/comercialización		
CNAE09	DESCRICIÓN CNAE	SECTOR
46.43(p)	Comercio polo xunto de aparatos electrodomésticos	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
46.49(p)	Comercio polo xunto de outros artigos de uso doméstico	LIBROS E PRENSA
47.1(p)	Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	LIBROS E PRENSA
47.1(p)	Comercio polo miúdo en establecementos non especializados	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
47.43	Comercio polo miúdo de equipos de audio e vídeo en establecementos especializados	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
47.61	Comercio polo miúdo de libros en establecementos especializados	LIBROS E PRENSA
47.62	Comercio polo miúdo de periódicos e artigos de papelerías en establecementos especializados	LIBROS E PRENSA
47.63	Comercio polo miúdo de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
47.78(p)	Outro comercio polo miúdo de artigos novos en establecementos especializados	ARTES VISUAIS

47.79(p)	Comercio polo miúdo de artigos de segunda man en establecementos	ARTES VISUAIS
47.91(p)	Comercio polo miúdo por correspondencia ou internet	LIBROS E PRENSA
47.91(p)	Comercio polo miúdo por correspondencia ou internet	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
59(P)	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
60(P)	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
77.22	Alugueiro de cintas de vídeo e discos	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
90.04	Xestión de salas de espectáculos	ARTES ESCÉNICAS
4.- Actividades de promoción e regulación		
CNAE09	DESCRICIÓN CNAE	SECTOR
84.12	Regulación de las actividades sanitarias, educativas e culturais e outros servizos sociais, agás a SS.	INTERDISCIPLINAR
5.-Actividades auxiliares		
CNAE09	DESCRICIÓN CNAE	SECTOR
20.59 (p)	Fabricación doutros produtos químicos nc.o.p.	ARTES VISUAIS
26.3(p)	Fabricación de equipos de telecomunicacións	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
26.4(p)	Fabricación de produtos electrónicos de consumo	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
26.7(P)	Fabricación de instrumentos de óptica e equipo fotográfico	ARTES VISUAIS
26.7(P)	Fabricación de instrumentos de óptica e equipo fotográfico	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
26.8	Fabricación de soportes magnéticos y ópticos	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
32.2	Fabricación de instrumentos musicais	ARTES ESCÉNICAS
74.9 (p)	Otras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.o.p.	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA
74.9 (p)	Otras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.o.p.	ARTES ESCÉNICAS

Pode resumirse esta dobre clasificación, por sector cultural e fase no proceso produtivo, nun cadro de dobre entrada como o seguinte:

	AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA						
	PATRIMONIO, ARQUIVOS E BIBLIOTECAS	LIBROS E PRENSA	ARTES VISUAIS	ARTES ESCÉNICAS	RADIO E TELEVISIÓN	CINE, VÍDEO E MÚSICA GRAVADA	INTERDISCIPLINAR
CREACIÓN E PRODUCCIÓN	91.: Activ. De bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	90.03(p): escritores e periodistas independentes; 63.91:axencias de noticias; 58.1: edición de libros, prensa e publicaciones periódicas	90.03(p): pintores...; restauración de obras de arte como cuadros...; 74.1: Diseño, arquitectura; 71.11: Fotografía; 73.1: espectáculos de danza...;)	90.01 e 90.02: actividades de creación, artísticas e espectáculos de obras de teatro, conciertos, espectáculos de danza...;)	60.1 (p): actividades de radio; 60.2 (p): actividades de televisión; 59.16: producción de programas de televisión	59.15+59.12: Producción cinematográfica e de vídeo; 59.2: Edición de soportes de son gravado	
FABRICACIÓN		18.1: Impresión de libros, prensa e publicaciones periódicas			60.1 (p): actividades de radio; 60.2 (p): actividades de programación e emisión de televisión; 59.18: Distribución de televisión; 59.17: Distribución de películas; 59.14: exhibición de películas; comercio (47.43+47.63+46(p)); 77.22: programación e emisión de televisión	18.2: Reproducción de soportes de vídeo e son gravado	
DIFUSIÓN E DISTRIBUCIÓN		46.49 (p)+47.61+47.62+47.91 (p)+47.1(p): Comercio de libros, prensa e publicaciones periódicas	47.478 (p) (galerías de arte), 47.79 (anticuarios)	90.04: Xestión de salas de espectáculos			
ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E REGULACIÓN							84.12: Regulación de las actividades sanitarias, educativas e culturais e outros servicios sociais, agás a SS.
ACTIVIDADES AUXILIARES			20.59: Fabricación de placas fotográficas, películas...; 26.7: Fabricación de instrumentos de óptica e equipo fotográfico	74.9(p): Actividades de axentes e axencias teatrais e axencias teatrais de persoais artísticos; 32.2: axentes e axencias teatrais e persoais artísticos;	26 (p): fabricación de aparatos de recepción, grabación e reproducción de son e imaxe; 74.9(p): Actividades de axentes e axencias teatrais e persoais artísticos;	26 (p): fabricación de aparatos de recepción, grabación e reproducción de son e imaxe; 74.9(p): Actividades de axentes e axencias teatrais e persoais artísticos;	

Fontes. Información de base

Distinguimos dous tipos de fontes:

1. Fonte básica: Marco Input-Output de Galicia. Dado que estamos a falar dunha conta satélite, o punto de referencia básico vai a ser o Marco Input Output do ano correspondente.
2. Fontes complementarias: Ao elaborar unha conta satélite, como xa se comentou, pretende afondarse no coñecemento dun certo “subconxunto” da economía, que por diversos motivos non está suficientemente ben reflectido nas Contas Económicas en xeral e, no Marco en particular. Por este motivo, será necesario empregar fontes complementarias que permitan desagregar e/ou ampliar a información que, sobre os sectores encadrados dentro do ámbito cultural, están dispoñibles no Marco Input-Output.

FONTE BÁSICA	
Fonte	Organismo elaborador
Marco Input-Output de Galicia	IGE
FONTES COMPLEMENTARIAS.	
Fonte	Organismo elaborador
Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fin de lucro	IGE
Enquisa sectorial ao sector audiovisual e multimedia	IGE
Encuesta industrial de empresas	INE
Encuesta industrial de productos	INE
Encuesta anual de servicios	INE
Encuesta anual de comercio	INE
Estadística de productos del sector servicios	INE
Enquisa das empresas multilocalizadas en Galicia	IGE
Anuario de estadísticas culturales	Ministerio de educación, cultura y deporte
Administración General del Estado en Galicia. Memoria	Delegación do Goberno en Galicia
Liquidación de los presupuestos de las entidades locales	Ministerio de Economía y Hacienda; Consello de Contas de Galicia
Memorias económicas das universidades	Universidades de A Coruña, Santiago e Vigo
Memorias de MUFACE, ISFAS y MUGEJU	Varios organismos
Memoria económica da Fundación Cidade da Cultura	Fundación Cidade da Cultura
Liquidacións Presupostarias da Administración Autonómica	Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia
Contas anuais das Empresas e Entes Públicos da Administración Galega	Varios organismos
Encuesta de población activa	Instituto Nacional de Estadística (INE)
Afiliación de trabajadores al Sistema de la Seguridad Social	Ministerio de Trabajo e Inmigración
Encuesta de presupuestos familiares	INE
Estadísticas de Comercio Exterior	Agencia Tributaria (AEAT)
Datos sobre Financiación de Comunidades Autónomas y Ciudades con Estatuto de Autonomía	Ministerio de Economía y Hacienda

Entre as fontes anteriores, cabe destacar a Enquisa sectorial ao sector audiovisual e multimedia. Esta enquisa foi realizada polo IGE para obter a información precisa para o ámbito do sector audiovisual. En particular, obter os niveis das contas de produción e explotación e o emprego das ramas de actividade 59 e 60 (mercado) e diferenciar os diferentes sectores e fases dentro de estas ramas. Os resultados de esta operación non se publican separadamente, se non que son utilizados como fonte de información para a Conta Satélite da Cultura, as Contas Económicas Anuais e o Marco Input-Output de 2011. Pode consultarse máis detalle sobre esta enquisa no Anexo 1.

Métodos de estimación

A continuación descríbense os métodos que se empregarán para estimar as macromagnitudes da conta satélite da cultura de Galicia. Seguirase basicamente un enfoque de oferta, se ben

faremos referencia tamén ao enfoque da demanda. Nos dous casos, o punto de partida para o proceso de estimación vai a ser o Marco Input-Output de Galicia. Partindo das ramas e produtos definidos neste Marco que teñen relación coa cultura e realizando as desagregacións necesarias (empregando as fontes de información complementarias), chegarase á estimación das macromagnitudes correspondentes aos distintos sectores e fases culturais definidos.

Enfoque de oferta

Un dos obxectivos de información que se pretende acadar é a estimación do chamado PIB cultural. Este obterase pola vía da oferta como suma do VEB de cada un dos sectores culturais máis os impostos netos sobre os produtos.

Como se viu cando se definiron os sectores e as fases culturais, en moitos casos o nivel de desagregación necesario na Conta Satélite excede dos niveis de información proporcionados polo Marco Input-Output. En termos xerais, no caso das actividades de mercado, o procedemento de estimación baséase na determinación da “parte” da produción, consumos intermedios, etc. das ramas de actividade que corresponde á cultura. Nalgúns casos, como por exemplo, na rama de actividade “R18: Artes gráficas e reprodución de soportes gravados” debemos ser capaces de diferenciar dúas partes: “18.1: Artes gráficas e servizos relacionados coas mesmas”, que se engloba no sector “Libros e prensa” e na fase de “Fabricación” e “18.2: Reprodución de soportes gravados” que se engloba no sector “Audiovisual e multimedia”, tamén na fase de “Fabricación”. Noutros casos só unha “parte” da rama de actividade considerada no MIOGAL se considera incluída dentro do ámbito cultural e, por tanto, o obxectivo será cuantificar a importancia desa subrama cultural.

O procedemento a seguir, será buscar un certo coeficiente que nos permita coñecer o peso do subconxunto de interese sobre a totalidade da rama. Este coeficiente aplicarase ás macromagnitudes estimadas no Marco, para obter as correspondentes macromagnitudes para o subconxunto cultural. Estes coeficientes obteranse das fontes complementarias citadas no apartado anterior, principalmente a *Encuesta anual de servicios*, a *Estadística de productos del sector servicios* e a *Encuesta industrial de empresas* realizando unha explotación a medida a partir dos microdatos destas enquisas.

Para a obtención das macromagnitudes correspondentes a certas actividades, non se seguirá o procedemento xeral anterior. En concreto, no caso das divisións 59 e 60 (mercado) empregárase a información obtida na Enquisa sectorial do sector audiovisual feita *ex-profeso* para esta operación. Tamén no caso das divisións 90 e 91 de mercado, empregárase información da Enquisa sectorial ás empresas e ás institucións sen fins de lucro, operación incluída no Programa estatístico anual 2012 da Comunidade Autónoma, como complemento da información derivada da *Encuesta anual de servicios*.

Outro caso singular é a estimación da produción das actividades de comercio incluídas no ámbito cultural, debido á dificultade de obter información ao nivel de desagregación preciso. Neste caso, a produción medirase a partir dos marxes comerciais obtidos sobre os correspondentes bens adquiridos para a súa revenda, información dispoñible de modo interno na matriz de marxes comerciais do Marco Input- Output.

Tamén terán un tratamento singular as actividades de non mercado, en particular as correspondentes ás Administracións Públicas. En concreto, están involucradas nesta conta satélite as ramas de actividade de non mercado seguintes: 90_93NM, 60NM e 84. No caso da rama de actividade 60NM (actividades de programación e emisión de radio e televisión de non mercado) a información contida no MIOGAL é suficiente para as necesidades da conta satélite. Non é así no caso das ramas 84 e 90_93NM. No primeiro caso, é preciso aillar o valor das actividades de fomento, promoción e regulación das diversas actividades culturais que realiza a Administración e no segundo caso é preciso, por exemplo, diferenciar as actividades das bibliotecas, arquivos, museos, etc. que formarían parte da fase de creación/produción e do sector patrimonio, arquivos e bibliotecas, das actividades deportivas (cnae09 93) que non están incluídas no ámbito do sector cultural.

A valoración da produción de non mercado estímase a partir dos custos, polo que a principal fonte de información neste caso son as liquidacións orzamentarias do ano 2011. A partir delas lévase a cabo unha análise do gasto dende a perspectiva económica –orixe do gasto- e a perspectiva funcional –destino do gasto-. A clasificación funcional persegue identificar a finalidade do gasto, permitindo traballar con catro niveis de desagregación: grupo, función, subfunción e programa. No caso da administración autonómica, debe analizarse o grupo IV: produción de bens públicos de carácter social e dentro del, as funcións 4.3 Cultura e 4.6 Outros servizos comunitarios e sociais que recollen as seguintes subfuncións e programas:

FUNCIÓN	SUBFUNCIÓN	PROGRAMA
4.3 Cultura	4.3.1 Administración xeral	431A Dirección e servizos xerais de cultura
	4.3.2 Creación, promoción e difusión cultural e infraestruturas	432A Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais 432B Fomento das actividades culturais 432C Fomento do audiovisual 432D Publicacións culturais
	4.3.3 Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural	433A Protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural
4.6 Outros servizos comunitarios e sociais	4.6.1 Comunicación social	461A Cobertura informativa e apoio á comunicación social 461B Radiodifusión e TVG

No caso das corporacións locais debe investigarse a función 33Cultura , que inclúe as seguintes subfuncións:

330 Administración xeral de cultura

332 Bibliotecas e arquivos

333 Museos e artes plásticas

334 Promoción cultural

335 Artes escénicas

336 Arqueoloxía e protección do Patrimonio Histórico-Artístico

337 Ocio e tempo libre

338 Festas populares e festexos

Hai que ter en conta que no caso das corporacións locais, hai moita diferenza entre o grao de desagregación que presentan os diferentes concellos. Así os concellos máis grandes teñen un nivel moi grande de desagregación da clasificación funcional, mentres que os concellos pequenos cumpren só co nivel mínimo esixido e detallan só a dous díxitos (a nivel función). Ademais, a máis de tres díxitos cada concello pode ter diferentes correspondencias entre o código e o literal.

Existen certos entes como por exemplo a Fundación Cidade da Cultura, que produce servizos culturais de non mercado que non están incluídas nas liquidacións orzamentarias, polo que a fonte de información neste caso son as súas memorias económicas.

O enfoque de oferta complétase coa estimación dos impostos netos sobre os produtos xerados polo sector cultural. A súa estimación baséase no emprego da matriz auxiliar de impostos netos sobre os produtos³ e das matrices de orixe e destino. O procedemento a seguir será estimar os impostos indirectos⁴ e as subvencións aos produtos a partir da estimación do uso de produtos culturais na nosa comunidade, xa sexa como demanda intermedia da economía ou ben como consumo final. Cómpre aclarar que parte dos produtos culturais que xeran impostos terán como orixe o resto de España e que ao ser consumidos en Galicia devengan o impostos sobre o produto na nosa Comunidade. Aqueles produtos producidos na nosa Comunidade pero exportados non contribúen ao agregado dos impostos pero si á xeración de valor engadido da actividade e fase cultural correspondente.

Enfoque de demanda

No enfoque de oferta, o punto de atención recae sobre as industrias culturais (constituídas polos sectores definidos previamente). Hai que ter en conta que as empresas incluídas dentro

³ En realidade son tres matrices: a matriz de IVE, a matriz doutros impostos sobre os produtos e a matriz de subvencións sobre os produtos

⁴ Será fundamentalmente o IVE xa que non hai impostos especiais que graven o consumo de produtos culturais

dos sectores culturais poden producir secundariamente produtos que non están dentro do ámbito da cultura. Así mesmo, os produtos culturais poden ter sido producidos (de modo secundario) por ramas de actividade non incluídas nos denominados sectores culturais.

No enfoque da demanda, centrarase o estudo na análise da demanda dos produtos culturais : gasto en consumo final, formación bruta de capital e saldo exterior. Debe terse en conta que non se vai a dar unha igualdade oferta-demanda, é dicir, a suma do gasto en consumo final, a formación bruta de capital e o saldo exterior de produtos culturais non coincidirá co definido como PIB cultural, que se obtén partindo dunha perspectiva puramente de oferta (para ser rigorosos, o que se estima naquel caso é o PIB xerado polas industrias culturais).

- Gasto en consumo final

Unha vez máis, a referencia serán os correspondentes vectores da matriz de destino do MIOGAL. No caso do gasto en consumo final dos fogares, empregarase a *Encuesta de presupuestos familiares*, no caso de que fose necesario un maior detalle. No caso do gasto en consumo final das AAPP, pode recorrerse ás liquidacións orzamentarias

- Formación bruta de capital

Trátase principalmente de estimar a formación bruta de capital fixo, dado que a variación de existencias no caso dos produtos culturais é practicamente inexistente.

- Exportacións e importacións

Neste caso, o maior problema tense no caso dos fluxos co resto de España, dado que non existe unha fonte de información consistente. No caso dos fluxos con outros países, a información precisa pode obterse das estatísticas de comercio exterior.

Difusión

Difundirase no ano t a información referida ao ano t-4. Esta planificación ven condicionada polos prazos de elaboración do Marco Input-Output. A priori, vai a elaborarse a Conta satélite da cultura do ano 2011, que será difundida no ano 2015.

Os resultados que se difundirán son os seguintes:

- Achega ao PIB das industrias culturais
- Conta de produción das industrias culturais
- Conta de explotación das industrias culturais
- Conta de produción (Produción, Consumos intermedios e VEB) por sectores culturais

- Conta de produción (Producción, Consumos intermedios e VEB) por fases do ámbito cultural
- Postos de traballo (asalariados e non asalariados) por sectores culturais
- Postos de traballo (asalariados e non asalariados) por fases do ámbito cultural
- Gasto das AAPP en cultura
- Gasto en consumo final dos fogares en cultura

ANEXO 1

Enquisa sectorial ao sector audiovisual e multimedia

A poboación obxectivo desta enquisa foron as empresas que en 2011 tiñan algún establecemento produtivo en Galicia e cuxa actividade principal fose a seguinte:

- CNAE09 59: Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical que inclúe:

5912: Actividades de postproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión (comprende as actividades de post-producción como a edición, a transferencia de películas/cintas, a adición de texto, os subtítulos, os créditos, os gráficos xerados por ordenador, a animación e os efectos especiais, a dobraxe, etc.)

5914: Actividades de exhibición cinematográfica

5915: Actividades de produción cinematográfica e de vídeo (comprende a produción cinematográfica e de vídeo e a produción de películas para televisión)

5916: Actividades de producións de programas de televisión (comprende a produción de programas de televisión: series, documentais, etc. e de anuncios publicitarios para televisión)

5917: Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo

5918: Actividades de distribución de programas de televisión

5920: Actividades de gravación de son e edición musical (comprende as actividades de produción de gravacións sonoras orixinais como cintas ou CD; así como a publicación, promoción e distribución das gravacións aos maioristas, minoristas ou directamente ao público e os servizos de gravación de son nun estudo ou noutro lugar, incluída a produción de programas gravados de radio)

- CNAE09 60: Actividades de programación e emisión de radio e televisión que inclúe:

6010: Actividades de radiodifusión

6020: Actividades de programación e emisión de televisión

O marco da enquisa foi o Directorio de empresas do IGE e realizouse unha mostraxe estratificada con selección aleatoria dentro de cada estrato. Os estratos foron definidos a partir da actividade principal da empresa a tres díxitos⁵ da CNAE09 e o emprego, sendo os tamaños poboacionais (Nh) e mostrais efectivos (nh) os seguintes:

ESTRATOS	Nh	nh
59.1 Sen asalariados	284	26
59.1 de 1 a 9 asalariados	104	19
59.1 máis de 9 asalariados	25	19
59.2 Sen asalariados	48	2
59.2 de 1 a 9 asalariados	17	3
60.1 Sen asalariados	16	3
60.1 de 1 a 9 asalariados	16	4
60.1 máis de 9 asalariados	11	8
60.2 Sen asalariados	8	1
60.2 1 ou máis asalariados	7	5
	536	90

O cuestionario empregado foi o seguinte:

⁵ Para os obxectivos da CSC o ideal sería ter estratos definidos a catro díxitos da CNAE09, pero o directorio de empresas non proporciona tanto detalle.

**CONTAS ECONÓMICAS ANUAIS**

Conta Satélite da Cultura. 2011

**1. Identificación da empresa****Para consultas ou aclaracións contactar con:**

Teléfono gratuito: 900 102 104

Fax gratuito: 900 812 899

c.electrónico: ige.empresas@ige.eu

Modificacións na identificación (Cubrir só os puntos suxeitos a variación)

Nome ou razón social da empresa

NIF

Domicilio social

Código postal

Concello

Provincia

Teléfono

Fax

Páxina web

Correo electrónico

Persoas de contacto a quen dirixirse para consultas ou aclaracións sobre este cuestionario

Nome

FIRMA OU SELO DA EMPRESA

Cargo na empresa

Teléfono

Fax

Correo electrónico

A información recollida neste cuestionario, segundo a Lei 9/1988 do 19 de xullo de ESTADÍSTICA DE GALICIA:

- Ten CARÁCTER OBRIGATORIO (art.º 18): 'As estatísticas incluídas no Plan Galego de Estatística, nos Programas Estatísticos Anuais e as previstas nos convenios de colaboración aos que se refire o artigo 13 desta Lei terán, para a súa elaboración a obriga de colaboración cidadá, obrigatoriedade suxeita á potestade sancionadora á que se refire o Capítulo IV (Réxime sancionador) do título I, que tipifica as infraccións administrativas e que regula as sancións aplicables nos artigos 32 a 36.
- Está amparada polo SEGREDO ESTADÍSTICO (Arts. 24-28): 'Serán obxecto de protección e quedarán amparados polo segredo estatístico tanto os datos relativos ás persoas físicas como ás persoas xurídicas' (art.º 24.1). 'Os datos individuais facilitados por razóns estatísticas non se poderán usar en ningún caso para finalidades fiscais ou policiais, nin para calquera outra distinta daquela para a que foron solicitados' (art.º 24.3). 'Todas as persoas, organismos e institucións que interveñan nas operacións reguladas pola presente Lei terán obriga de manter o segredo estatístico respecto dos datos comunicados. Esta obriga conservará as persoas aínda despois de concluír as súas actividades profesionais e a súa vinculación cos servizos estatísticos. En virtude da devandita obriga, os datos individuais comunicados non se poderán facer públicos nin sille comunicarán a ninquenha persoa ou entidade' (art.º 26).

2. Actividade da empresa

Actividade principal

(Aquele actividade que xera maior valor engadido ou maior cifra de negocios)

CNAE-2009

Actividades secundarias

CNAE-2009

CNAE-2009

3. Número de establecementos da empresa

localizados en Galicia

resto de España

4. Emprego medio anual

	Persoal asalariado	Persoal non asalariado	Total
nos establecementos localizados en Galicia			
resto de España			

A información seguinte refírese unicamente á actividade dos establecementos da empresa situados en Galicia
Os datos económicos solicítanse en euros (sen decimais)

5. Datos económicos dos establecementos en Galicia

A) COMPRAS E GASTOS

IMPORTE

1. Aproveisionamentos (a+b+c+d)

a) Consumo de mercadorías

C600-C6060-C6080-C6090±C610

b) Consumo de materias primas e outras materias consumibles

C601±C602-C606±C6062-C608±C609±C6092±C61±C612

c) Traballos realizados por outras empresas

C607

d) Deterioro de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos

C693±C6932 ±C6933-C793±C7932-C7933

2. Servizos exteriores

C62

3. Gastos de persoal (a+b+c)

a) Soldos, salarios e asimilados

C640±C641±C6450

b) Cargas sociais e outros gastos de persoal

C642±C643±C649

c) Provisións

C644±C6457-C7950-C7957

B) INGRESOS

1. Importe neto da cifra de negocios

C700±C701±C702±C703±C704±C705-C706-C708-C709

2. Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación

C7930-C6930±C71

3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo

C73

4. Subvencións á explotación incorporadas ao resultado do exercicio

C740±C747

5. Outros ingresos de xestión

C75

Especifique os outros ingresos :

6. Destino xeográfico dos servizos prestados

Do total da cifra de negocios reflectida en B.1, indique a porcentaxe correspondente a cada un dos seguintes destinos xeográficos

	PORCENTAXE	Marque cun "X" o tipo de cliente en Galicia
1. Galicia		-Consumidor final <input type="checkbox"/>
2. Resto de España		-Televisións <input type="checkbox"/>
3. Resto da Unión Europea		-Produtoras e distribuidoras <input type="checkbox"/>
4. Resto do mundo		-Outros (especificar) : <input type="checkbox"/>
	100	

7. Detalle das actividades realizadas e dos servizos prestados

Do total da cifra de negocios reflectida en B.1, indique a porcentaxe correspondente a cada unha das seguintes actividades e servizos

	<u>PORCENTAXE</u>
1. Postproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión	_____
2. Exhibición cinematográfica	_____
3. Produción cinematográfica e de vídeo	_____
4. Produción de películas para televisión	_____
5. Produción de programas de televisión (series, documentais, etc.) e de anuncios publicitarios para televisión	_____
6. Distribución cinematográfica e de vídeo	_____
7. Distribución de programas de televisión	_____
8. Gravación de son e edición musical	_____
9. Actividades de radiodifusión	_____
10. Actividades de programación e emisión de televisión	_____
11. Outras actividades e servizos (especificar)	_____
	100

8. Traballos realizados por outras empresas C607

Especifique as actividades subcontratadas e indique o seu valor ou a súa porcentaxe sobre o total indicado en A.1.c

Datos expresados en : Valor Porcentaxe sobre o total

	<u>DATO</u>	Este traballo foi realizado por un establecemento localizado en Galicia?	
	_____	SI	NON
1. _____	_____	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
2. _____	_____	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
3. _____	_____	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
4. _____	_____	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
5. _____	_____	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

9. Consumo de materias primas e outros aprovisionamentos C601+C602-C6061-C6062-C6081-C6091-C6092+C611+C612

Do total das compras reflectidas en A.1.b, indique a porcentaxe correspondente a cada un dos seguintes conceptos:

	<u>PORCENTAXE</u>
1. Produtos alimenticios	_____
2. Produtos téxtiles e complementos	_____
3. Mobles	_____
4. Combustibles	_____
5. Produtos químicos de limpeza, mantemento	_____
6. Material e equipo electrónico	_____
7. Outros produtos (especificar):	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
_____	_____
	100